

Información importante

© Terán preferencia os nenos e nenas empadroadas no Concello da Coruña.

© Ata o 20 % das prazas poderá estar reservado para persoas beneficiarias de programas sociais.

© A preinscrición presentarase soamente no centro cívico no que se quere realizar o campamento.

© Soamente se poderá presentar unha preinscrición por menor. No caso de detectarse mais dunha por menor, anularánselle todas.

© Cando se entregue a preinscrición no centro cívico, asignaráselle un número que será o número para o sorteo.

© Ofértanse quince prazas, polo cupo de discapacidade, para nenos e nenas con necesidades educativas especiais (NEE) ou discapacidade, en grao que non lles impida participar nas actividades co grupo. As prazas de NEE terán un sorteo propio, diferenciado do sorteo do cupo xeral.

© No caso dos/das menores admitidos/as no mesmo cupo que teñan irmáns ou irmás cun número correlativo de preinscrición, ben sexa anterior ou posterior, todos obterán praza. Isto non será válido no caso dos irmáns ou irmás que accedan por cupos distintos.

© Para unha correcta atención dos/das menores que soliciten praza polo cupo de NEE, no centro cívico facilitarase un unha ficha de coñecemento persoal, que deberá ser entregada coa preinscrición

© O monitorado de apoio para nenos e nenas con NEE, non realizará tarefas de carácter hixiénico ou sanitario.

© Non formalizar a inscrición no prazo e horario establecido supón a perda do dereito á praza.

© Unha vez que se aboe o custo do campamento, non se terá dereito á devolución, excepto por causas imputables ao prestador do servizo.

© Os horarios do campamento, ampliado ou xeral, son de obrigado cumprimento, tanto á entrada como á saída.

© Nas dúas modalidades de horario, requirirase un mínimo de participantes para formalizar grupo.

© Avisarase por teléfono ás persoas de lista de espera que obtivesen praza.

Recomendacións

© Levar auga e un refrixerio (froita, iogur, bocadillo...) para tomar a media mañá.

© Levar roupa e calzado cómodo.

© Non traer aparellos electrónicos, videoconsolas, móbiles, cartos ou obxectos de valor. A organización non se fai responsable das perdas que poidan producirse durante o campamento.

© É aconsellable que non asistan aos campamentos os/as menores que teñan enfermidades contaxiosas ou que presenten algún dos seguintes síntomas: febre, vómitos, diarrea, chagas, aftas na boca, dificultade respiratoria, conxuntivite, erupcións, alteracións atípicas na pel ou no caso de ter piollos ou lendias.

Campamentos urbanos

Concellaría de Igualdade,
Benestar Social e Participación
e Coidados

Nadal 2019

Para nenos e nenas nadas
entre o
01/01/2007 ao 31/12/2015

Preinscrición

DATOS DA NENA OU DO NENO

Nome _____

Data de nacemento _____

Empadroada/o no Concello da Coruña _____

Enderezo _____

Teléfono _____ // _____

DATOS DO PAI, NAI, TITOR/A LEGAL

Don/dona _____

con DNI _____, desexa preinscribir

ao seu fillo/ a súa filla nos campamentos urbanos de Nadal de 2019

* ¿Solicita o horario ampliado? (Si/Non) _____

* ¿Solicita praza para menores con necesidades educativas especiais (NEE)? (Si/Non) _____

Número
Solicitud
xeral

Número
Solicitud
NEE

Co fin de cumprir co artigo 5 da Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase que os datos pasarán a formar parte dun ficheiro, do cal será responsable o Concello da Coruña e cuxa finalidade é a de xestionar os campamentos urbanos da Concellaría de Xustiza Social e Coidados.

A persoa que asina declara que son certos todos os datos contidos na presente solicitude e autoriza ao Concello da Coruña a comprobar a veracidade dos datos facilitados. A falsidade ou ocultación de datos, conlevará a anulación da solicitude e a retirada dos dereitos que se obtivesen.

Asinado:

Campamento de Nadal

A temática principal dos campamentos de Nadal 2019 será a ecoloxía e o cuidado do medio ambiente.

Nos campamentos realizaranse xogos individuais e cooperativos, actividades lúdicas, artísticas, musicais, etc.

Ademais, en todas as xornadas do campamento urbano de Nadal, adicarase unha hora diaria á práctica da lingua inglesa.

DÍAS DO CAMPAMENTO

* 23, 26, 27 e 30 de decembro de 2019

* 2, 3, e 7 de xaneiro de 2020

HORARIO

* Xeral, de 10.00 a 14.00 h

* Ampliado, de 9.00 a 14.30 h

CUSTO POR PARTICIPANTE

* Horario xeral: 26 €

* Horario ampliado: 32 €

CENTROS NOS QUE SE PODE SOLICITAR O HORARIO AMPLIADO:

Castrillón, San Diego, Os Mallos, Mesoiro, Mone-los, Monte Alto, Os Rosales.

CENTROS CON HORARIO XERAL:

Artesanos, A Silva, Labañou, Palavea, Pescadores, Cidade Vella, Eirís, Sagrada Familia, Elviña, Feáns, Novoboandanza, Santa Lucía y Santa Margarita.

Datas importantes

PREINSCRICIÓN

2, 3 e 4 de decembro, no horario de 11.00 a 13.30 e de 17.00 a 20:30 h.

A preinscrición presentárase no centro cívico no que se quere realizar o campamento.

SORTEO PÚBLICO

4 de decembro ás 20.35 h.

LISTAXES DE ADMISIÓNS E DE RESERVAS

Poderanse consultar o 16 de decembro nos centros cívicos, chamando ao Teléfono 010 e na páxina web www.coruna.gal/servizossociais.

INSCRICIÓN

17, 18 e 19 de decembro no horario de 11.00 a 13.30 e de 17.00 a 20.30 h.

Para formalizar a inscrición é necesario aboar o custo por participante e asinar as autorizacións correspondentes dentro do prazo establecido.

XESTIÓN DA LISTA DE RESERVA

A partir do 20 de decembro.

RESGARDO DE PREINSCRICIÓN

A nena, o neno _____ preinscribiuse nos campamentos urbanos de Nadal co número:

Número
Solicitud
xeral

Número
Solicitud
NEE